

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

2692 *Orde APM/189/2018, do 20 de febreiro, pola que se determina cando os residuos de produción procedentes da industria agroalimentaria destinados á alimentación animal son subprodutos conforme a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.*

I

A Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos, e pola que se derrogan determinadas directivas, incorporada ao ordenamento xurídico español mediante a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, define as condicións para que unha substancia ou obxecto, resultante dun proceso de produción, e cuxa finalidade non sexa a produción desa substancia ou obxecto, poida ser considerada como un subproduto e non como un residuo.

De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, os residuos de produción deberán cumprir todas e cada unha das condicións seguintes:

- a) Que se teña a seguranza de que a substancia ou o obxecto vai ser utilizado posteriormente.
- b) Que a substancia ou o obxecto se poida utilizar directamente sen ter que someterse a unha transformación ulterior distinta da práctica industrial habitual.
- c) Que a substancia ou o obxecto se produza como parte integrante dun proceso de produción.
- d) Que o uso ulterior cumpra todos os requisitos pertinentes relativos aos produtos así como á protección da saúde humana e do ambiente, sen que produza impactos xerais adversos para a saúde humana ou o ambiente.

A disposición transitoria primeira da Lei 22/2011, do 28 de xullo, prevía que se continuasen aplicando os procedementos administrativos vixentes na materia ata que non se puxesen en marcha os mecanismos previstos no artigo 4.2 da citada lei, é dicir, a avaliación, no seo da Comisión de coordinación en materia de residuos, da consideración como subproduto de determinados residuos de produción e, de proceder, ditar a correspondente orde ministerial.

Para dar cumprimento ao artigo 4.2 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, en colaboración coas comunidades autónomas, elaborou un procedemento xeral para a declaración de subproduto. Para clarexar o alcance das declaracións de subprodutos, o procedemento inclúe unha definición de proceso de produción e de residuos de procesos de produción. Este procedemento consta de dúas fases: unha primeira, de análise da consideración como subproduto, que culminará, se procede, coa elaboración dunha orde ministerial, e unha segunda, de notificación á comunidade autónoma en que se produce o subproduto. O propio procedemento prevé que esta segunda etapa se poida suplir se se cumpre a normativa sectorial aplicable, sempre e cando esa normativa garanta os mesmos requisitos de control que unha comunicación específica ou declaración responsable.

II

No ámbito comunitario, a Comunicación da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo, interpretativa sobre residuos e subprodutos COM 2007 (59), do 21 de febreiro de 2007, no seu anexo I, ilustra posibles exemplos de residuos e non residuos, entre os

que inclúe os residuos de produción xerados polo sector agroalimentario como subprodutos cando son utilizados como pensos directamente polos agricultores ou pola industria de pensos compostos. A Comisión Europea sinala na Comunicación que, aínda que non todos os residuos de produción destinados á alimentación animal poden ser considerados subprodutos, aqueles que si poden prodúcense deliberadamente en procesos de produción adaptados ou, aínda que non se produzan deliberadamente, cumpren os criterios acumulativos do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en relación cos subprodutos, posto que é seguro que se van reutilizar na alimentación animal e non necesitan transformación previa fóra do proceso de produción dese material.

No ámbito nacional, desde diferentes sectores solicitóuselle ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente que se estude se procede declarar subprodutos, conforme o establecido no artigo 4 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, os residuos de produción da industria agroalimentaria cando estes se destinan a alimentación animal. Con este obxectivo este ministerio encargou un estudo técnico que analiza o enfoque que lle dá a Comisión Europea a estes residuos de produción na Comunicación interpretativa sobre residuos e subprodutos COM 2007 (59), e identifica a lexislación europea e española que regula a alimentación animal, valorando os requisitos legais en vigor aplicables aos residuos de produción, as obrigas dos establecementos e dos explotadores de empresas de pensos, os mecanismos de control da autoridade competente e as condicións para a importación e a exportación. Este estudo foi presentado ao grupo de traballo de subprodutos e fin da condición de residuo constituído no seo da Comisión de coordinación de residuos e serviu de base para elaborar a presente orde ministerial.

Ao estar xa regulada no ámbito da alimentación animal e da seguranza alimentaria a utilización destes materiais para a elaboración de pensos, realizouse unha análise da regulación comunitaria e nacional existente para valorar se esta normativa é suficiente para asegurar a súa correcta utilización como subproduto na alimentación animal e se cómpre o desenvolvemento dun procedemento específico adicional para a súa declaración e utilización como subproduto.

Se estes residuos da industria agroalimentaria son de orixe animal tamén é de aplicación a normativa sanitaria de subprodutos animais non destinados ao consumo humano (SANDACH): o Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais); o Regulamento (UE) n.º 142/2011 da Comisión, do 25 de febreiro de 2011, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1069/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano, e a Directiva 97/78/CE do Consello, en canto a determinadas mostras e unidades exentas dos controis veterinarios na fronteira en virtude desta. Esta normativa clasifica os SANDACH en tres categorías con base nos seus riscos para a saúde pública e a saúde animal, e en función da categoría poderían ou non destinarse á alimentación animal, e establece determinados requisitos para iso.

Conforme a normativa comunitaria en materia de alimentación animal e de seguranza alimentaria, os residuos de produción procedentes da industria agroalimentaria que se transfiran do produtor a outro posuidor para o seu uso na alimentación animal deben estar incluídos nunha das tres listaxes comunitarias de substancias autorizadas para alimentación animal e axustarse á definición ou descrición destes que se faga nesas listaxes, incluídas nos seguintes regulamentos: Regulamento (CE) n.º 767/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre a comercialización e utilización dos pensos; Regulamento (UE) n.º 68/2013 da Comisión, do 16 de xaneiro de 2013, relativo ao Catálogo de materias primas para pensos, e Regulamento (UE) n.º 1831/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de setembro de 2003, sobre os aditivos na alimentación animal.

Así mesmo, esta normativa establece requisitos en canto ao contido de substancias contaminantes ou indesexables por riba dos niveis permitidos pola lexislación, de acordo co establecido no Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal; aos aditivos, de conformidade co establecido no Regulamento (CE) n.º 767/2009; a outro tipo de contaminantes físicos, químicos ou biolóxicos, segundo o anexo III do Regulamento (CE) n.º 767/2009 e, finalmente, en canto á súa etiquetaxe, transporte, comercialización e utilización.

Por outra parte, a normativa comunitaria regula tamén que os establecementos que queiran destinar residuos de produción á alimentación animal deberán estar rexistrados ou autorizados no marco do Regulamento (CE) n.º 183/2005 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005, polo que se fixan requisitos en materia de hixiene dos pensos, e estar incluídos nas listaxes de industrias agroalimentarias que destinan produtos a alimentación animal e cumprir coas disposicións do anexo II do Regulamento (CE) n.º 183/2005 relacionadas coas instalacións e equipamentos utilizados na produción de pensos, co persoal e coa produción de pensos, co seu almacenamento e transporte e co modo de levar os rexistros.

No caso de España e para cumprir coa obriga de rexistro, os establecementos autorizados ou rexistrados estarán incluídos nas listaxes nacionais previstas no Regulamento (CE) n.º 183/2005, que se inclúen no sistema informático Silum (Sistema informático de rexistro de establecementos na alimentación animal). De se perder o rexistro ou a autorización, os residuos de produción da industria agroalimentaria débense xestionar baixo o control do réxime de residuos.

Por outra parte, en relación coas empresas de pensos que queiran empregar en alimentación animal residuos de produción da industria agroalimentaria deberán comunicar esta actividade á autoridade competente con carácter previo ao seu inicio, dispor dun plan de autocontrol baseado nos principios APPCC (análise de perigos e puntos de control críticos), levar un rexistro coa adquisición, produción e venda, conforme o establecido no Regulamento (CE) n.º 183/2005, manter todos os documentos relativos ás materias primas utilizadas nos produtos finais e estar dispoñibles para a autoridade competente, así como cumprir co establecido no Real decreto 821/2008, do 16 de maio, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene dos pensos e se establece o rexistro xeral de establecementos no sector da alimentación animal.

Ademais, os fabricantes de pensos compostos, aditivos ou premesturas deberán remitir de forma anual á autoridade competente as cantidades de produtos fabricados, así como as materias primas, aditivos, premesturas e pensos complementarios empregados, consonte o establecido no Real decreto 821/2008, do 16 de maio.

Por outra parte, as autoridades competentes das comunidades autónomas deberán levar a cabo controis oficiais dos establecementos consonte o Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos, e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais. Así mesmo, as comunidades autónomas deberán manter e actualizar periodicamente unha listaxe específica dos establecementos rexistrados ou autorizados que destinen residuos de produción da industria agroalimentaria á alimentación animal.

Do exposto anteriormente dedúcese que os requisitos incluídos na normativa que regula a alimentación animal permiten garantir o cumprimento das condicións establecidas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, para que un residuo de produción poida ser declarado subproduto e que os requisitos existentes sobre rastrexabilidade e control de calidade no ámbito da alimentación animal garanten un nivel equivalente, mesmo maior, de control e protección que o requirido na etapa de notificación do procedemento de declaración de subproduto.

En consecuencia, os residuos de produción procedentes da industria agroalimentaria que se destinen á alimentación animal poderán declararse subprodutos sempre e cando se cumpran os requisitos establecidos na normativa europea, estatal e autonómica relativos á alimentación animal.

En caso de que tales requisitos non se cumpran, os residuos de produción procedentes da industria agroalimentaria non poderán ser destinados á alimentación animal como subproduto, polo que se terán que xestionar con carácter xeral baixo o réxime xurídico de residuos, co fin de asegurar a súa correcta xestión e protexer adecuadamente a saúde humana e o ambiente, todo iso sen prexuízo de que se os residuos de produción son de orixe animal sexa necesario cumprir cos requisitos establecidos na normativa de subprodutos animais non destinados ao consumo humano (SANDACH) e, pola súa vez e en función dos posibles destinos, se aplique o réxime xurídico de residuos de maneira plena ou tan só con carácter supletorio.

III

A habilitación para desenvolver esta orde ministerial atópase no artigo 4 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e o seu fundamento constitucional no artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Con carácter previo á redacción desta norma tramitouse a consulta pública previa regulada no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados; así mesmo, foi sometida ao trámite de información pública, foi remitida á Comisión de coordinación en materia de residuos e someteuse ao Consello Asesor de Medio Ambiente, en aplicación das previsións da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. Requisitos para a consideración como subprodutos dos residuos de produción procedentes da industria agroalimentaria.

1. Os residuos de produción procedentes da industria agroalimentaria, cando se destinen a alimentación animal e estean incluídos nunha das tres listaxes comunitarias de substancias autorizadas para a alimentación animal, serán considerados subprodutos, conforme o establecido no artigo 4 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, sempre e cando cumpran todos e cada un dos requisitos establecidos na lexislación europea, estatal e autonómica relativos á alimentación animal.

2. As listaxes comunitarias a que se fai referencia no número 1 deberán ser unha das seguintes:

a) Catálogo comunitario de materias primas, establecido polo Regulamento (UE) n.º 68/2013 da Comisión, do 16 de xaneiro de 2013.

b) Rexistro comunitario de materias primas para alimentación animal (www.feedmaterialsregister.eu) a que se fai referencia no artigo 24.6 do Regulamento (CE) n.º 767/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009.

c) Rexistro comunitario de aditivos, a que se fai referencia no artigo 17 do Regulamento (CE) n.º 1831/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de setembro.

3. En caso de que os requisitos mencionados no número 1 non se cumpran, os residuos de produción procedentes da industria agroalimentaria non serán considerados subprodutos conforme a Lei 22/2011, do 28 de xullo, e por tanto, non poderán ser destinados a alimentación animal e deberán xestionarse conforme o establecido na Lei 22/2011, do 28 de xullo, co fin de asegurar a súa correcta xestión e protexer adecuadamente a saúde humana e o ambiente. Neste caso, se os residuos de produción procedentes da industria agroalimentaria son de orixe animal, aplicarase a exclusión

prevista no artigo 2.2.b) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de forma que, se se destinan a incineración, ao vertedoiro ou son utilizados nunha planta de biogás ou de compostaxe, serán de aplicación a Lei 22/2011, do 28 de xullo, e o Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1774/2002; mentres que, se teñen outros destinos, será de aplicación o Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, e só se aplicaría a Lei 22/2011, do 28 de xullo, nos aspectos non regulados polo dito regulamento.

Disposición derradeira primeira. *Actualización.*

A presente orde ministerial poderá ser revisada conforme a nova información dispoñible sobre a utilización destes residuos de produción na alimentación animal e o seu impacto sobre a saúde humana e o ambiente, as modificacións que se produzan no marco normativo da alimentación animal e os avances técnicos que se produzan na fabricación de pensos.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 20 de febreiro de 2018.—A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.